

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO LEGRE (IN408A 2020/097).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE MESIA E OZA-CESURAS (A CORUÑA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, SL

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 7 de xullo do 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o documento do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Legre de outubro de 2021, e sobre a Separata de Augas de Galicia do Parque Eólico Legre de xaneiro de 2022, en cumprimento do artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; do artigo 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; da Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

Segundo se indica na documentación aportada, o obxecto do Estudo de Impacto Ambiental é prover da información das afeccións ambientais derivadas da instalación e explotación do Parque Eólico Legre, así como as medidas correctoras, minimizadoras e compensatorias previstas, dando cumprimento a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e a súa posterior modificación mediante a Lei 9/2018.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto describir as características fundamentais do parque e os traballos a realizar, así como obter os permisos necesarios que procedan.

Antecedentes

O 4 de xullo de 2022, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación publicou no DOG Nº 126 a Resolución do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial de A Coruña, pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097).

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.



- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o **“Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Legre”**, de outubro de 2021, asinado dixitalmente o 30 de marzo de 2022 por un equipo multidisciplinar, e que consta dunha memoria, planos e 16 anexos e o documento **“Proyecto de Ejecución Parque Eólico Legre Separata Afecciones a Cauces”**, de xaneiro de 2022, asinado dixitalmente polo Enxeñeiro Industrial D. Salvador Camarasa Segura, colexiado Nº 4.901 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Aragón e A Rioxa, e visado o 6 de abril de 2022 polo citado colexio. O documento consta dunha memoria , planos e un apéndice. Todos os documentos en formato dixital (pdf).

A continuación describíense brevemente as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

O Parque Eólico Legre, sitúase nos concellos Mesía e Oza-Cesuras de provincia de A Coruña, dentro da Área de Desenvolvemento Eólico denominada ADE OT-02-25 Mesía, do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 1ª Modificación.

As coordenadas da poligonal que delimita ó parque son (UTM ETRS89 FUSO 29):

Vértices	X	Y
P1	562.274	4.779.285
P2	563.910	4.779.285
P3	564.466	4.778.741
P4	566.374	4.778.741
P5	566.374	4.776.370
P6	565.566	4.776.370
P7	565.566	4.772.851

Vértices	X	Y
P8	566.374	4.772.851
P9	566.374	4.771.101
P10	562.358	4.771.101
P11	562.358	4.772.851
P12	557.966	4.775.360
P13	562.273	4.776.894

A actuación comprende a localización de sete aeroxeradores de 6 MW de potencia unitaria, de 170 m de diámetro de rotor e unha altura de buxeiro de 115 m, correspondentes co modelo SG170 ou similar. Os aeroxeradores LEG-01,LEG-02, LEG-03, LEG-05, LEG-06 e LEG-07 estarán limitados individualmente a unha potencia unitaria de 5,42 MW e o aeroxerador LEG-04 a unha potencia unitaria de 5,43 MW. Deste xeito , a potencia activa máxima do parque será de 37.95MW.

A posición dos aeróxeradores defínese na seguinte táboa (UTM ETRS89 FUSO 29):

Aeróxerador	X	Y
LEG-01	558.875	4.775.235
LEG-02	559.373	4.775.333
LEG-03	564.033	4.775.573
LEG-04	563.793	4.778.640

Aeróxerador	X	Y
LEG-05	564.617	4.778.217
LEG-06	565.168	4.778.348
LEG-07	566.162	4.777.826

Todos os aeróxeradores terán asociados un centro de transformación con transformador seco para 30 kV situado na base do aeróxerador. As celas de interconexión e protección tamén estarán situadas na base do aeróxerador.

A rede colectora de 30 kV comprende desde os terminais interiores das celas de entrada da Subestación Elevadora de Transformación (SET) Legre ata os terminais interiores das celas de entrada de cada centro de transformación do aeróxerador.

O proxecto contempla a execución dunha rede de 30 kV, constituída por 4 circuitos para a evacuación da enerxía xerada polos aeróxeradores.

A SET 132/30 kV Legre sita no termo municipal de Oza-Cesuras é necesaria para a evacuación da enerxía xerada polas instalacións proxectadas para o proxecto de execución do parque eólico Legre.

Na seguintes táboas achégase as coordenadas de subestación e a súa envolvente (UTM ETRS89 FUSO29)

	X	Y
SUBESTACIÓN	562.801,96	4.776.571,44

Envolvente	X	Y
SET-01	562.765,26	4.776.540,86
SET-02	562.767,75	4.776.546,31
SET-03	562.770,92	4.776.552,82
SET-04	562.773,03	4.776.560,04
SET-05	562.775,51	4.776.570,18
SET-06	562.778,70	4.776.585,65
SET-07	562.780,27	4.776.593,21
SET-08	562.782,56	4.776.603,36
SET-09	562.783,97	4.776.611,94
SET-10	562.784,50	4.776.621,74
SET-11	562.784,32	4.776.635,08

Envolvente	X	Y
SET-12	562.889,23	4.776.616,42
SET-13	562.852,42	4.776.484,89
SET-14	562.840,20	4.776.492,63
SET-15	562.827,59	4.776.500,65
SET-16	562.816,11	4.776.508,00
SET-17	562.806,84	4.776.514,04
SET-18	562.799,17	4.776.519,18
SET-19	562.792,04	4.776.524,09
SET-20	562.784,49	4.776.529,32
SET-21	562.775,95	4.776.534,98
SET-22	562.766,39	4.776.540,24

Así mesmo a instalación contará cunha torre meteorolóxica de 117 m de altura que ficará nas seguintes coordenadas (UTM ETRS89 FUSO 29)



Torre meteorolóxica	X	Y
LEG-TP.	559.685	4.775.192

A obra civil necesaria para a construción, posta en marcha e explotación do parque consiste nas seguintes actuacións: accesos ao parque; vías e plataformas nas que se inclúe a zona de almacenaxe dos treitos de torre, a zona de provisión de pas e a zona de montaxe da grúa principal, montaxe da torre meteorolóxica, sistema de drenaxe transversal e lonxitudinal; cimentacións de aeroxeradores e instalacións eléctricas.

Accesos ao parque:

O acceso ao parque eólico realízase dende a estrada N-634, e habilitaranse dúas saídas independentes para os aeroxeradores situados ao sur (LEG-01, 02 e 03) e os situados ao norte (LEG-04, 05, 065 e 07).

Vías e plataformas:

O proxecto mostra unha rede de camiños de interconexión entre os aeroxeradores que permiten o tránsito dos medios de transporte de equipos e maquinaria de montaxe nunha primeira fase, e de explotación e mantemento durante a vida útil do parque. Esta rede está formada pola adecuación de camiños existentes e a creación de treitos novos.

O conxunto de camiños proxectado presenta unha lonxitude de 23.131,97 m e o ancho mínimo de vía proxectada é de 5m presentando sobreanchos puntuais en treitos con radio de curva inferior a 100m.

Xunto cada aeroxerador é preciso construír unha área de manobra (plataforma) que permita a provisión total dos elementos de montaxe e permita a localización de grúas e camiós empregados no izado e montaxe do aeroxerador. Neste senso o proxecto amosa diferentes seccións con planos e acotacións a empregar nas diferentes posicións dos aeroxeradores do parque eólico.

Torre meteorolóxica

A cimentación da torre meteorolóxica consistirá nunha zapata de planta cadrada de 10 m de lado e 0,5 m de canto, con tres pedestais de 1,5 m de altura onde aloxaranse os pernos para ancoraxe das tres patas da torre. Para a construción da cimentación, requírese unha escavación previa de 10,6 m de lado e 1,9 m de profundidade, con noiros laterais verticais ou lixeiramente inclinados, segundo o tipo de terreo.

Drenaxe transversal

Como elementos de drenaxe transversal empregaranse obras de drenaxe transversal (ODT) compostas por tubos en formigón, das dimensións e unidades necesarias en cada caso e cimentados en formigón contando con embocaduras de entrada e saída.

Así mesmo, o proxecto indica que empregarán vados ou pasos de auga que se constituirán sobre a plataforma do camiño executándose cunha lousa de formigón armado de 20 cm de espesor nos lugares onde se intercepte os fluxos naturais ou sexa necesario evacuar caudais cara a marxe contraria.

Na seguinte táboa inclúese o listado das obras de drenaxe transversal proxectadas e as características da mesma:



Elemento de drenaxe	Cuncas drenadas	T deseño (años)	Qdeseño (m³/s)	Situación – Vía	P.Q.	Tipoloxía de elemento de drenaxe transversal
1	1	25	1,84	Vía 07	1+702	2 x Tubo Ø800 mm
2	2	100	3,02	Vía 07	0+810	Vao (P.Q. 0+795 a 0+815)
3	3	100	7,26	Vía 04	5+200	Vao (P.Q. 5+180 a 5+260)
3A	3	100	7,26	Vía 04	5+290	2 x Tubo Ø1500 mm
3B	3.1	100	9,00	Vía 04	5+825	Prolongación ODT Existente
4	4	25	3,22	Vía 04	2+750	2 x Tubo Ø1200 mm
5	5	25	1,17	Vía 04	1+890	Vao (P.Q. 1+870 a 1+910)
6	6	100	4,90	Vía 04	1+455	2 x Tubo Ø1200 mm
7	7	25	1,27	Vía 03	0+963	1 x Tubo Ø1000 mm
8	8	25	0,91	Vía Acceso	0+165	Vao (P.Q. 0+150 a 0+180)
9	9	25	2,09	Vía Acceso	2+140	Vao (P.Q. 2+130 a 2+150)
10	10	25	2,57	Vía Acceso	2+585	Vao (P.Q. 2+570 a 2+600)
11	11	25	0,69	Vía Acceso	2+910	Vao (P.Q. 2+905 a 2+925)
12	12	100	34,25	Vía Acceso	6+120	Vao (P.Q. 6+070 a 6+270)
13	13	25	8,31	Vía Acceso	6+855	2 x Tubo Ø1500 mm

Drenaxe lonxitudinal:

A drenaxe lonxitudinal estará constituído por cunetas de desmonte e nalgúns casos, para dar continuidade o mesmo, por cunetas situadas no terraplén. Estas cunetas, triangulares de 1,0 m de ancho e profundidade entre 50 e 75 cm, realizaranse revestidas con formigón cando a pendente sexa superior o 7%.

Cimentacións dos aeroxeradores:

Os planos representan unha cimentación en formigón armado circular de 28,40 m de diámetro, sobre a que construírase un pedestal de formigón, de planta circular, de 6,00 m de diámetro. No pedestal disporanse as bridas co ancoraxe postesado. A altura total da cimentación é de 3,6 m

Instalación eléctrica:

A rede de media tensión para a conexión dos aeroxeradores será subterránea en gabia e empregarase para o transporte da enerxía a 30 kV xerada en cada un dos aeroxeradores ata as celas da subestación. O proxecto recolle diferentes seccións de gabia en función do número de liñas a transportar e os diferentes cruzamentos presentados.

Subestación e edificio de control

A subestación proxectada, SET Legre 132/30 kV, sitúase no concello de Oza- Cesuras. Disporá dun edificio de control, con salas independentes para distintos usos, e será dunha única planta rectangular de 28 m x 10,5 m.



O Estudo de Impacto Ambiental inclúe unha memoria na que se realiza a xustificación do proxecto, a exposición e a valoración de alternativas a si como a xustificación da solución adoptada. Tamén consta dunha descrición xeral do proxecto, a caracterización do medio tanto físico como biótico ademais do medio perceptual, socioeconómico, saúde humana e patrimonio histórico-cultural. Realízase no apartado 12 da memoria unha identificación e valoración de impactos para a continuación propoñer as medidas protectoras e correctoras. Tamén se establece un programa de vixilancia ambiental.

No apartado 10.1.6 da memoria describen as actuacións no PE Legre no ámbito do Dominio Público Hidráulico.:

- 210 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 sitúase sobre a zona de policía dun rego sen nome, tributario do río Samo. Con todo, esta vía proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- 253 m e 119 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 sitúanse sobre a zona de policía de dous regos moi curtos sen nome, tributarios do rego Xestosa. Na mesma zona de estudo esta vía de acceso cruza sobre un rego sen nome, tributario do rego Xestosa. Ademais, seguindo polo mencionado viario, 196 m deste localízanse sobre un rego sen nome tributario do rego de Lodeiro. Con todo, a vía de acceso ás infraestruturas proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- A vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 cruza en tres puntos o río Samo e dous dos seus afluentes sen nome. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- 116 m de gabia (paralela á vía xa existente) e 240 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01 e LEG-02 sitúanse sobre a zona de policía dun curso de auga temporal sen nome que verte ao río Samo.
- A vía de acceso aos aeroxeradores LEG-05 e LEG-06 cruza en dous puntos con regos, primeiro co rego dá Calzada e despois cun rego sen nome que verte as súas augas ao rego dá Barqueira, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- A vía de acceso ao aeroxeradores LEG-04 cruza sobre o rego da Ponte, que verte as súas augas ao río Mero. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- 204 m da vía de acceso ao aeroxeradores LEG-04 sitúanse sobre a zona de policía dun rego sen nome, que verte as súas augas ao rego do Batán de Mandaio. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha pista existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais.
- A gabia proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun arroio sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabia proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeados.
- 279 m da vía de acceso ao aeroxerador LEG-07 e 690 m² da plataforma deste aeroxerador sitúanse sobre a zona de policía dun rego sen nome, que verte as súas augas ao río Mendo.

A Separata de Augas de Galicia sinala que a disposición das vías realízase aproveitando os camiños existentes e intentando minimizar o movemento de terras. O cruzamento dos cauces de auga polas vías



do parque eólico resólvese mediante pasos de auga/vaos e/ou tubaría nas zonas onde prevese o paso do fluxo.

Inclúe a separata a mesma táboa co listado das obras de drenaxe transversal proxectadas e as características da mesma que figura no Estudo de Impacto Ambiental e recollida anteriormente.

Así mesmo na separata detéctanse puntos baixos, que requiren da colocación de drenaxe transversal (pasacunetas) e que debido as dimensións tan pequenas da cunca que drenan, resólvensen con tubería en formigón de 600 mm de diámetro. Estes puntos son:

Elemento de drenaxe	Vía	P.Q.	Tipo obra
1	Vía 02	0+228	Vao en formigón (P.Q. 0+225 a 0+235)
2	Vía 03	1+048	1 x Tubo Ø600 mm
3	Vía 04	0+234	Vao en formigón (P.Q. 0+230 a 0+240)
4	Vía 04	2+954	1 x Tubo Ø600 mm
5	Vía 04	3+676	Vao en formigón (P.Q. 3+670 a 3+680)
6	Vía 07	1+485	Vao en formigón (P.Q. 1+480 a 1+490)

Ademais, os puntos baixos detectados no trazado onde non se modifica a estrada existente, as obras de drenaxe existentes mantéñense.

No apéndice 1 de Hidroloxía e Drenaxe inclúese a caracterización física das cuncas interceptadas así como o cálculo de caudais e a comprobación hidráulica das obras de drenaxe transversal propostas.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de bacía e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

O Parque Eólico Legre sitúase no concellos de Oza-Cesuras e Mesía na provincia de A Coruña, dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE), nos que se localizan a instalación, son número 06 "RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA", o número 11 "RÍO MERO, ARTEIXO E RÍA DE A CORUÑA" e os número 12 "RÍO MANDEO E RÍA DE BETANZOS".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia, os seguintes cursos fluviais, o río Mero (122) e os seus tributarios como o Rego de Castelo (122006), rego da Ponte (122004) e o rego da Barqueira (122002) e os tributarios dos anteriores, o rego do Batán de Mandaio (122014) e os seus tributarios, o río Mendo (111025) e os seus tributarios, o río Samo (204030) e os seus tributarios, o río Travieso (20403012) e os seu tributario o rego de Portaboi (2040301203), e o río Maruzo (204028) e os seus tributarios o rego de Lodeiro (20402802) e o rego Xestosa (20402802012) e todos os seus tributarios. Os encoros máis próximos á zona de actuación son o "encoro de San Pedro Mezonzo"



(ES.014.NR.204.000.02.00), a uns 11,4 quilómetros ao sueste do aeroxerador LEG-03 do parque e o "encoro de Beche" a uns 6,4 quilómetros ao noroeste do aeroxerador LEG-01 do parque.

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2021 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, destacar entre as principais afeccións o cruce da gabiá de cableado de media tensión co río Mero (122), cun rego innominado tributario do río Mero, co rego da Ponte (122004) e co rego da Barqueira (122002); e o cruce dos camiños que conectan os aeroxeradores do parque cun rego innominado tributario do río Samo (204030), co rego da Ponte (122004), cun rego innominado tributario do rego de Batán de Mandaio (12201402), cun rego innominado tributario do rego da Barqueira (122002), co rego da Calzada tributario do río Mero (122), cun rego innominado tributario do río Mendo (111025), co Samo (20403004), cun rego innominado (20403006), co río Samo (204030) e cun rego innominado tributario do rego Xestosa (20402802012).

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións proxectadas, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada:

Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego innominado (sen codificar) tributario dun rego innominado (20403010)	Cruce e zona de policía.	A memoria do Estudo de Impacto Ambiental no seu apartado 10.16 de agora en diante EIA, recolle que 116 m de gabiá (paralela á vía xa existente) e 240 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01 e LEG-02 sitúanse sobre a zona de policía dun curso de auga temporal sen nome que verte ao río Samo. A memoria da Separata recolle a execución dun vao en formigón na vía 02 (PK 0+228) O plano da Separata "Drenaje Planta General" folla 27 recolle o "VADO PK 0+228 LEG-VIAL-02" no entorno da coordenada (X= 560.093, Y= 4.77.4873).	Cruce do camiño que conecta co parque aos aeroxeradores LE01 e LE02 cun rego innominado tributario do río Samo no punto de coordenadas (X= 560.105, Y= 4.774.984). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso aos aeroxeradores LE01 e LE02 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 560.048, Y= 4.775.066) e (560.104, 4.774.852). Afección á zona de policía por parte da gabiá de cableado que conecta os aeroxeradores LE01 e LE02 co resto do parque entre os puntos de coordenadas (X= 560.044, Y= 4.775.063) e (X= 560.194, Y= 4.774.932). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km2.
2	Rego innominado non codificado tributario do río Mero (122)	Cruce e zona de policía.	O EIA recolle que a gabiá proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun leito sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabiá proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeadas.	Cruce da gabiá de cableado que conecta á subestación cos aeroxeradores LEG03 a LEG07 no punto de coordenadas (X= 563.075, Y= 4.776.578). Afección á zona de policía por parte da gabiá de cableado no tramo definido polos puntos de coordenadas (X= 562.930, Y= 4.776.462) e (X= 563.185, Y= 4.776.698) e no tramo definido polos puntos de coordenadas (X= 563.233, Y= 4.776.912) e (X= 563.288, Y= 4.777.102).



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
3	Río Mero(122)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a gabia proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun leito sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabia proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeadas.	Cruce da gabia de cableado que conecta á subestación cos aeroxeradores do LEG03 ao LEG07 no punto de coordenadas (X= 563.249, Y= 4.777.121). Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado no tramo definido polos puntos de coordenadas (X= 563.178, Y= 4.777.041) e (X= 563.380, Y= 4.777.101). Afección á zona de policía da gabia de cableado no que conecta a SET co aeroxerador LEG07 entre os puntos de coordenadas (X= 564.079, Y= 4.777.102) e (X= 564.489, Y= 4.776.981).
4	Rego da Ponte (122004)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a gabia proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun leito sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabia proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeadas. Ademais o EIA recolle que a vía de acceso ao aeroxeradores LEG-04 cruza sobre o rego da Ponte, que verte as súas augas ao río Mero. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución de dous tubos de diámetro 1500 mm (PQ 5+290) na vía 04 correspondente co elemento de drenaxe 3A na cunca drenada 3. Tamén a execución da prolongación da ODT existente no PQ 5+825 da vía 04 correspondente co el elemento de drenaxe 3B da cunca drenada 3.1. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 49 recolle "2 TUBOS DN1500 PK 5+209 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 563.939, Y= 4.777.765) e na folia 50 recolle "PROLONGACIÓN EXISTENTE PK 5+825 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 563.875; Y= 4.777.420).	Cruce da gabia de cableado que conecta á subestación cos aeroxeradores do LEG04 ao LEG07 en dous puntos distintos coas coordenadas que se detallan de seguido: (X= 563.808, Y= 4.777.193) e (X= 563.966, Y= 4.777.887). Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado nun primeiro tramo definido polos puntos de coordenadas (X= 563.366, Y= 4.777.099) e (X= 563.469, Y= 4.777.167), nun segundo tramo cara ao leste definido polos puntos de coordenadas (X= 563.660, Y= 4.777.251) e (X= 563.903, Y= 4.777.152), un terceiro tramo ao norte do anterior definido polo puntos de coordenadas (X= 563.821, Y= 4.777.774) e (X= 564.057, Y= 4.777.959). Cruce da vía que conecta aos aeroxeradores LEG04 e LEG05 nos seguintes 3 puntos: (X= 563.875, Y= 4.777.421), (X= 563.964, Y= 4.777.892) e (X= 563.940, Y= 4.777.765). Afección á zona de policía por parte do camiño que conecta os aeroxeradores LEG04 e LEG05 nun primeiro tramo definido polo punto de coordenadas (X= 563.778, Y= 4.777.462) e (X= 563.976, Y= 4.777.425) e un segundo tramo ao norte delimitado polos puntos (X= 564.000, Y= 4.777.682) e (X= 564.058, Y= 4.777.967).
5	Rego innominado (sen codificar), tributario do río Mero (122)	Zona de policía	Afección non recollida na documentación achegada.	Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado que conecta os aeroxeradores LEG05 e LEG06 coa SET entre os puntos de coordenadas (X= 563.469, Y= 4.777.370) e (X= 563.582, Y= 4.777.524).



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
6	Rego da Barqueira (122002)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a gabia proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun leito sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabia proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeadas.	Cruce da gabia de cableado que conecta á SET co aeroxerador LEG07 no punto de coordenadas (X= 564.215, Y= 4.777.068). Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado que conecta á SET co aeroxerador LEG07 entre os punto de coordenadas (X= 564.120, Y= 4.777.111) e (X= 564.292, Y= 4.777.000).
7	Rego innominado tributario do rego de Batán de Mandaio (12201402)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que 204 m da vía de acceso ao aeroxeradores LEG-04 sitúanse sobre a zona de policía dun rego sen nome, que verte as súas augas ao rego do Batán de Mandaio. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha pista existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución de dous tubos de diámetro 800mm (PK 1+750) na vía 07 correspondente co elemento de drenaxe 1 na cunca drenada 1. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folla 55 recolle "2 TUBOS DN800 PQ 1+750 LEG-VIAL-07" no entorno da coordenada (X= 563.654, Y= 4.778.961).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG04 nas proximidades do punto de coordenadas (X= 563.647, Y= 4.778.974). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG04 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 563.552, Y= 4.778.940) e (X= 563.749, Y= 4.778.967). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km ² .
8	Río de Cova (122003)	Zona de policía	Afección non recollida na documentación achegada.	Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado que conecta á SET co aeroxerador LEG07 entre os punto de coordenadas (X= 564.294, Y= 4.776.998) e (X= 564.433, Y= 4.776.980).
9.1	Rego innominado tributario do rego da Barqueira (122002)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-05 e LEG-06 cruza en dous puntos con regos, primeiro co rego dá Calzada e despois cun rego sen nome que verte as súas augas ao rego dá Barqueira, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución de dous tubos de diámetro 1200 mm (PQ 2+750) na vía 04 correspondente co elemento de drenaxe 4 na cunca drenada 4. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folla 41 recolle "2 TUBOS DN1200 PK 2+750 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 564.963, Y= 4.777.411).	Cruce do camiño que conecta aos aeroxeradores LEG06 e LEG07 no punto de coordenadas (X= 564.958, Y= 4.777.404). Afección á zona de policía por parta da vía que conecta aos aeroxeradores LEG06 e LEG07 en dous tramos , o primeiro deles entre os puntos de coordenadas (X= 565.001, Y= 4.777.501). e (X= 564.895, Y= 4.777.327) e o segundo entre os puntos de coordenadas (X= 565.186, Y= 4.777.164) e (X= 565.356, Y= 4.777.197). Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado que conecta ao aeroxerador LEG07 coa SET entre os puntos de coordenadas (X= 565.311, Y= 4.777.1725) e (X= 565.468, Y= 4.777.294). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km ² .



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
9.2	Rego da Barqueira (122002)	Zona de policía	A memoria do EIA non recolle esta afección. A memoria da Separata recolle a execución dun tubo de diámetro 600 mm (PQ 2+954) na vía 04 correspondente co elemento de drenaxe 4. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 38 recolle "1 TUBO DN600 PK 2+954 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 565.045, Y= 4.777.598).	Afección á zona de policía por parte da vía que conecta aos aeroxeradores LEG06 e LEG07 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 565.013, Y= 4.777.525). e (X= 565.079, Y= 4.777.677).
10	Rego innominado tributario do río Mero (122)	Zona de policía	O EIA recolle que a gabia proxectada cruza nun punto co rego da Ponte, nun punto co rego da Barqueira, nun punto co río Mero e nun punto cun leito sen nome, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, a gabia proxéctase seguindo o trazado de camiños xa existentes, sen afectar as canles nomeadas. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PK 1+870 a 1+910) na vía 04 correspondente co elemento de drenaxe 5 na cunca drenada 5. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 39 recolle o "VADO PK 1+890 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 565.454, Y= 4.777.133).	Afección á zona de policía por parte da gabia de cableado que conecta ao aeroxerador LEG07 coa SET entre os puntos de coordenadas (X= 565.279, Y= 4.777.155) e (X= 565.322, Y= 4.777.188). Afección á zona de policía por parte da vía que conecta ao aeroxeradores LEG06 e LEG07 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 565.294, Y= 4.777.169) e (X= 565.482, Y= 4.777.115) O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
11	Rego da Calzada (sen codificar) tributario do río Mero (122)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-05 e LEG-06 cruza en dous puntos con regos, primeiro co rego dá Calzada e despois cun rego sen nome que verte as súas augas ao rego dá Barqueira, todos eles afluentes do río Mero. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución de dous tubos de diámetro 1200 mm (PQ 1+445) na vía 04 correspondente co elemento de drenaxe 6 na cunca drenada 6. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 38 recolle "2 TUBOS DN1500 PK 1+455 LEG-VIAL-04" no entorno da coordenada (X= 565.803, Y= 4.776.882).	Cruce do camiño que conecta aos aeroxeradores LEG06 e LEG07 no punto de coordenadas (X= 565.803, Y= 4.776.886). Afección á zona de policía por parte da vía que conecta aos aeroxerador LEG06 e LEG07 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 565.667, Y= 4.776.971), (X= 565.781, Y= 4.776.768).



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
12	Rego innominado tributario do río Mendo (111025)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que 279 m da vía de acceso ao aeroxerador LEG-07 e 690 m2 da plataforma deste aeroxerador sitúanse sobre a zona de policía dun rego sen nome, que verte as súas augas ao río Mendo. O EIA e a Separata recollen a execución dun tubo de diámetro 1000 mm (PQ 0+963) na vía 03 correspondente co elemento de drenaxe 7 na cunca drenada 7. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 34 recolle o "1 TUBO DN1000 PK 0+963 LEG-VIAL-03" no entorno da coordenada (X= 566.125, y= 4.777.649).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG07 no punto de coordenadas (X= 566.126, Y= 4.777.651). Afección á zona de policía por parte do voo das pas do aeroxerador LEG07 entre os puntos de coordenadas (X= 566.145, Y= 4.777.908) e (X= 566.170; Y= 4.777.740). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso e plataforma de montaxe do ao aeroxerador LEG07 entre os puntos de coordenadas (X= 566.154, Y= 4.777.553) e (X= 566.145, Y= 4.777.825). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
13	Rego innominado (204403002)	Zona de policía.	Afección non recollida na documentación achegada.	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 564.694, Y= 4.774.394) e (X= 564.568, Y= 4.774.096). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
14	Samo (20403004)	Cruce e zona de policía	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 cruza en tres puntos o río Samo e dous dos seus afluentes sen nome. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución de dous tubos de diámetro 1500 mm no PQ 6+855 na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 13 na cunca drenada 13. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 20 recolle "2 TUBOS DN1500 PK 6+855 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 563.792, Y= 4.773.649).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG03 no punto de coordenadas do eixo (X= 563.794, Y= 4.773.649). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 563.665, Y= 4.773.661) e (X= 563.917, Y= 4.773.671); os puntos (X= 564.306, Y= 4.773.953) e (X= 564.325, Y= 4.773.971); e os puntos (X= 564.389, Y= 4.774.012).
15	Rego innominado (sen codificar) tributario do Samo (20403004)	Zona de policía	Afección non recollida na documentación achegada.	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 563.987, Y= 4.773.686) e (X= 563.679, Y= 4.773.665). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
16	Rego innominado (20403006)	Cruce e zona de policía.	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 cruza en tres puntos o río Samo e dous dos seus afluentes sen nome. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 6+070 a 6+270) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 12 na cunca drenada 12. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 18 recolle o "VADO PK 2+120 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 563.256, Y= 4.773.471).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG03 no punto de coordenadas do eixo (X= 563.291, Y= 4.773.470). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 563.433, Y= 4.773.452) e (X= 563.087, Y= 4.773.382).
17	Río Samo (204030)	Cruce e zona de policía.	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 cruza en tres puntos o río Samo e dous dos seus afluentes sen nome. Con todo, trátase dunha vía que se proxecta sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 6+070 a 6+270) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 12 na cunca drenada 12. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 18 recolle o "VADO PK 2+120 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 563.256, Y= 4.773.471).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG03 no punto de coordenadas do eixo (X= 563.162, Y= 4.773.446). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 563.263, Y= 4.773.474) e (X= 563.067, Y= 4.773.364) e as coordenadas (X= 563.020, Y= 4.773.225) e (X= 562.978, Y= 4.773.115).
18	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego de Lodeiro (20402802)	Zona de policía.	O EIA recolle que 196 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 localízanse sobre a zona de policía dun rego sen nome tributario do rego de Lodeiro. Con todo, a vía de acceso ás infraestruturas proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 2+905 a 2+925) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 11 na cunca drenada 11. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 09 recolle o "VADO PK 2+910 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 564.312, Y= 4.771.508).	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 564.241, Y= 4.771.572) e (X= 564.389, Y= 4.771.439).



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
19	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego Xestosa (20402802012)	Cruce e zona de policía.	O EIA recolle que a vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 cruza sobre un rego sen nome, tributario do rego Xestosa. Con todo, a vía de acceso ás infraestruturas proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 2+570 a 2+600) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 10 na cunca drenada 10. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 08 recolle o "VADO PK 2+585 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 564.554, Y= 4.771.292).	Cruce do camiño de acceso ao aeroxerador LEG03 no punto de coordenadas do eixo (X= 564.554, Y= 4.771.293). Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 564.455, Y= 4.771.381) e (X= 564.663, Y= 4.771.208). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
20	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego Xestosa (20402802012)	Zona de policía.	O EIA recolle que 253 m e 119 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 sitúanse sobre a zona de policía de dous regos moi curtos sen nome, tributarios do rego Xestosa. Con todo, a vía de acceso ás infraestruturas proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. Os planos do EIA e a Separata non recollen a afección.	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 564.671, Y= 4.771.207) e (X= 564.770, Y= 4.771.261). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
21	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego Xestosa (20402802012)	Zona de policía.	O EIA recolle que 253 m e 119 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 sitúanse sobre a zona de policía de dous regos moi curtos sen nome, tributarios do rego Xestosa. Con todo, a vía de acceso ás infraestruturas proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 2+130 a 2+150) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 9 na cunca drenada 9. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folia 07 recolle o "VADO PK 2+140 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 564.897, Y= 4.771.389).	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 564.797, Y= 4.771.289) e (X= 564.984, Y= 4.771.478). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².
22	Rego Xestosa (20402802012)	Zona de policía	Afección non recollida na documentación achegada.	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 565.136, Y= 4.771.635) e (X= 565.225, Y= 4.771.725). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².



Nº	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce / Zona de policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación presentada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial de detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
23	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Samo (20403001).	Zona de policía.	O EIA recolle que 210 m da vía de acceso aos aeroxeradores LEG-01, LEG-02 e LEG-03 sitúase sobre a zona de policía dun rego sen nome, tributario do río Samo. Con todo, esta vía proxéctase sobre unha estrada existente na actualidade, a cal será necesario acondicionar para permitir o tránsito dos transportes especiais. O EIA e a Separata recollen a execución dun vao (PQ 0+150 a 0+180) na vía de acceso correspondente co elemento de drenaxe 8 na cunca drenada 8. O plano da Separata "Drenaje Planta General" folla 01 recolle o "VAO PK 0+165 LEG-VIAL-ACCESO" no entorno da coordenada (X= 566.223, Y= 4.772.752).	Afección á zona de policía por parte da vía de acceso ao aeroxerador LEG03 entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 566.141, Y= 4.772.700) e (X= 566.307, Y= 4.772.805). O leito presenta unha bacía de aportación inferior a 1km².

Na documentación achegada indícase, no apartado de obras de drenaxe, que se empregarán vaos ou pasos de auga construídos sobre a plataforma do camiño mediante lousas de formigón, nos lugares onde este intercepte os fluxos naturais ou sexa necesario evacuar os caudais cara á marxe contraria.

Sinalar que este tipo de instalacións teñen carácter temporal, e deben ser retiradas ao finalizar as actuacións a realizar. Neste senso, non se considera aceptable a instalación dos vaos ou pasos de auga propostos para o cruce de camiños, debendo executarse obras de drenaxe transversal para que as obras proxectadas poidan ser autorizables.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha bacía de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedementa poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Bacia independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tócate ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 metros da actuación) son as seguintes:

EUZPROTCOD	NOM_ZPROT	Coordenadas X (UTM ETRS89 H29)	Coordenadas Y (UTM ETRS89 H29)
ES014ZCCM000003145	BOUZA (A)	562.721,00	4.772.168,00

O PHGC correspondente ao ciclo 2021-2027, pendente de ratificación polo Consello de Ministros recolle as seguintes Zonas de Captación para Abastecemento Humano (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras):

EUZPROTCOD	NOM_ZPROT	Coordenadas X (UTM ETRS89 H29)	Coordenadas Y (UTM ETRS89 H29)
ES014ABST-PCuw-1344	SEN NOME	562.424	4.772.046
ES014ABST-PCuw-1847	-	562.721	4.772.168
ES014ABST-PCuw-3279	-	564.183	4.778.185

Detállanse a continuación as zonas protexidas e a súa categoría identificadas na contorna da infraestrutura proxectada:

ZONAS PROTEXIDAS PHGC	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRAMO DE INTERESE DE ESPECIES AMEAZADAS	Tambre	ES014TIEEX000000014	Atópase a 12,2 quilómetros ao sur da posición do aeroxerador LEG-03
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL EUROPEO	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
ZONA SENSIBLE	Encoro de Beche	ESR1219	Atópase a uns 6,5 quilómetros ao noroeste da posición do aeroxerador LEG-01
ZONA CAPTACIÓN DE ZONA SENSIBLE		ESCM1219	Atópase a uns 5,5 quilómetros ao noroeste da posición do aeroxerador LEG-01.
ZONA CAPTACIÓN DE ZONA SENSIBLE		ESCM1214	Atópase a uns 6,9 quilómetros ao noroeste da posición do aeroxerador LEG-01.
ZONA CAPTACIÓN DE ZONA SENSIBLE		ESCM1220	Atópase a uns 9,2 quilómetros ao leste da posición do aeroxerador LEG-01.
ZONA DE BAÑO	RIO TAMBRE PINO (O)	ES11100066C15066A	Atópase a uns 12,7 quilómetros ao sur da posición do aeroxerador LEG-01.



ZEC	Río Tambre	ES014ZECES1110016	Atópase a uns 1,5 quilómetros ao sur da posición do aeroxerador LEG-01.
ZEC	Encoro de Abegondo	ES014ZECES1110004	Atópase a uns 8,4 quilómetros ao norte da posición do aeroxerador LEG-04
ZEC	Betanzos-Mandeo	ES014ZECES1110007	Atópase a uns 8,5 quilómetros ao norte da posición do aeroxerador LEG-04
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL INTERNACIONAL	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Reserva Biosfera	Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo-Zona de Transición		Parte das instalacións do parque atópanse nesta zona

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:



No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá



subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de bacía darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave.	Titular.	Coord. X (Datum inscrición).	Coord. Y (Datum inscrición).
DH.A15.10523	PARTICULAR	561.511	4.775.659
DH.B15.19628	PARTICULAR	564.833	4.774.050
DH.A15.21549	COMUNIDADE DE USUARIOS	562.721	4.772.168
		562.662	4.772.176
DH.B15.46508	PARTICULAR	562.906	4.775.433
DH.A15.17563	PARTICULAR	564.120	4.777.550
DH.A15.28671	COMUNIDADE DE USUARIOS	563.786	4.777.793
		563.776	4.777.801
DH.A15.40138	COMUNIDADE DE USUARIOS	564.183	4.778.185
DH.B15.79827	PARTICULAR	563.127	4.778.611

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.



Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

No EIA indícase que para o abastecemento de auga ao parque disporase dun depósito de almacenamento de 500 litros que encherase periodicamente cun camión cisterna así mesmo indícase nas medidas protectoras que a auga que puidera ser necesaria para a realización da obra será levada empregando camións cisterna ou en depósitos e obtida de canalizacións ou de puntos de subministro autorizados, nunca de augas superficiais mentres discorren polos seus cauces naturais. Non obstante, cómpre lembrar por esta Entidade que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Bacía, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Por outra banda no EIA indícase que para o tratamento das augas provintes do funcionamento das oficinas do parque, disporase dun sistema que garanta o seu correcto tratamento. O sistema de saneamento proxectado é separativo, realizándose separadamente a evacuación de augas sucias e augas pluviais. As augas residuais conduciranse a unha fosa séptica, mentres que as augas pluviais evacuarán á gabiá de drenaxe do edificio de control. A fosa séptica presentará separador de graxas e en todo caso, non se emitirá ningún tipo de vertido, e o baleirado da fosa realizarase de forma periódica mediante camión cisterna. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Bacía, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.



Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.



Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Estudo de Impacto Ambiental** e a **Separata do Parque Eólico Legre**, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña), no presente informe emítense, segundo o solicitado, consideracións sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e/ou correctoras e plan de vixilancia ambiental, acreditando que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia a execución de vaos ou pasos de auga sobre a plataforma do camiño mediante lousas de formigón, nos lugares onde este intercepte os fluxos naturais ou sexa necesario evacuar os caudais cara á marxe contraria.

Aos efectos deste organismo de conca, non se considera aceptable a instalación dos vaos ou pasos de auga propostos para o cruce de camiños, debendo executarse obras de drenaxe transversal para que as obras proxectadas poidan ser autorizables.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

